



## ANUNCIO

### EXPOSICIÓN PÚBLICA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO DO CONCELLO DE PONTEVEDRA E O SEU ORGANISMO AUTÓNOMO

A Xunta de Goberno Local, na sesión do 04/05/2018, aprobou inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Pontevedra e do seu organismo autónomo, quedando da forma que se indica no Anexo I do devandito acordo.

En consecuencia, de conformidade co disposto no artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, expónse ao público o devandito expediente por un prazo de 20 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da presente publicación.

Deste xeito, o expediente completo permanecerá a disposición dos interesados para que o podan consultar no Servizo de Persoal deste Concello, e formular as alegacións que teñan por convenientes, no devandito prazo.

Advirtese expresamente que, de non presentarse alegacións en prazo e segundo o previsto pola lexislación anterior, o acordo de aprobación inicial entenderase elevado a definitivo, entrando en vigor a modificación nos termos expostos no acordo de aprobación pola Xunta de Goberno Local.

